

## CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A COMPAÑÍA ABBVIE SPAIN, SLU PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE SANITARIO EN MATERIA DE FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA QUE:**

O Servizo Galego de Saúde formalizou o 09.02.2022 o convenio arriba referido coa compañía Abbvie Spain, SLU, por un período de vixencia de dous anos (2), a contar dende a data de sinatura, podendo prorrogarse mediante acordo escrito, de conformidade co disposto na letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime Xurídico do Sector Público.

O instrumento convencional ten por obxecto definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes, para a promoción da investigación, a formación, a innovación ou a realización de estudos e intercambio de coñecemento científico e técnico.

Este convenio marco non supón ningún custo económico nin para o Servizo Galego de Saúde, nin para Abbvie Spain, SLU.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións, de acordo co que dispón o artigo 94 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a promoción da docencia e investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora de xestión.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención, e isto coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Outro dos obxectivos relacionados é a mellora da utilización dos medicamentos, tanto na atención primaria de saúde como na atención hospitalaria e sociosanitaria. Neste sentido, unha das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos pacientes e a cidadanía e o bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica dos profesionais sanitarios ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos pacientes.

A Consellería de Sanidade ten entidades públicas adscritas e funcionalmente dependentes do Servizo Galego de Saúde ás que encomendar servizos e tarefas dentro do seu ámbito de actuación cuxo obxecto principal da súa actividade é a docencia, a formación e investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria, de conformidade coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Abbvie Spain, S.L.U. ten entre os seus obxectivos prioritarios a investigación, innovación e formación na área da saúde e da atención a pacientes.

Un dos seus obxectivos da innovación é traballar para contribuír á mellora da calidade de vida dos pacientes que sofren enfermidades. Neste sentido a súa vontade é apoiar proxectos que poidan mellorar as condicións clínicas e de calidade de vida dos pacientes así como promover e colaborar en proxectos de investigación e formación dos profesionais que contribúan a mellorar o nivel de competencia profesional.

Tanto o Servizo Galego de Saúde como Abbvie Spain, S.L.U. estaban interesados en plasmar o seu compromiso de colaboración na realización de actividades de interese sanitario en materia de formación, investigación e innovación orientadas á mellora da atención sanitaria, mediante a formalización do convenio marco asinado.

Os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

